

ACTA NÚM. 9/2021.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2021.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 29 de novembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

CARLOS NOYA PEREIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.10.2021.

2º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2021.

3º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2021.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PROXECTO MODIFICADO DE PROXECTO DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AFORRO ENERXÉTICO (PROGRAMA DUS 5000).

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.10.2021.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 8/2021, do 20.10.2021.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2021.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 3º trimestre de 2021, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

3º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2021.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 3º trimestre de 2021, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 26.11.2021, que transcrita di:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 30/2021. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2/2021 FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA O PROXECTO MODIFICADO DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA A GRAÑA E OUTROS.

Aprobada a liquidación do exercicio 2020 cun remanente líquido de tesourería para gastos xerais axustado que ascendeu a 5.904.333,30 €, dos que se ten disposto polo Concello a cantidade de 1.351.425,43 euros, a través dos expedientes de modificación de créditos nº 9/2021, nº 10/2021, nº 18/2021 e nº 24/2021.

O artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de concesión de suplemento de crédito para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que o crédito consignado no Orzamento é insuficiente e non ampliable, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que resulta necesario habilitar crédito para financiar parcialmente o aumento do prezo do contrato de obras derivado do modificado do Proxecto de camiño de Amañecida ata A Graña e outros, nos termos xustificadas na memoria de alcaldía que consta no presente expediente.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación de crédito número 30/2021 do Orzamento Municipal para o exercicio 2021 na modalidade de suplemento de crédito, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

APLICACIÓ N	ECONÓMICA	DENOMINACION PROXECTO	IMPORTE
1532	619.04	Outros inv. de rep. De infraestructuras e bens de uso xeral (Obras camiño de Amañecida ata Graña e outros)	166.747,09 €
		Total	166.747,09 €

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	166.747,09 €
	Total	166.747,09 €

Segundo.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PROXECTO E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 26.11.2021, que transcrita di:

Visto o Proxecto de execución para a ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, Concello de Brión, redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo, COAG 3060, de data outubro de 2021, que ascende á cantidade de: 485.404,29 euros, IVE incluído, sendo as fontes de financiamento a Deputación da Coruña á que se solicitará unha subvención por importe de: 150.000 euros, sendo o resto por importe de: 335.404,29 euros, IVE incluído, por conta do Concello.

O proxecto de investimento consiste na ampliación do Pavillón municipal de deportes situado na Aldea de Pedrouzos, encostando un volume no lateral longo deste, cara ao colexio IES de Brión, ampliándoo mediante dous volumes. Un desempeñará a función de pavillón deportivo multiusos e outro será unha pérgola de acceso e espera a ambos os edificios, o pavillón existente e a nova ampliación. Este último tamén servirá como zona de espera dos escolares dos colexios adxacentes, CEIP de Pedrouzos e IES de Brión, na súa baixada do autobús á chegada ao colexio e no seu abandono do colexio e espera dos autobuses de volta a casa.

O obxecto do proxecto é dotar ao Concello de Brión dun recinto adecuado ou espazo multiusos que puidese, por unha banda, ser sede de competicións deportivas e por outro acoller encontros culturais e sociais de calquera tipo, como concertos ou exposicións. Ademais, servirá de apoio ás instalacións dos colexios adxacentes, CEIP de Pedrouzos e IES de Brión, podéndose desenvolver actividades extraescolares ou outras que se necesiten.

As razóns de interese público de carácter cultural, deportivo e social, resultan evidentes e redundan no fomento dos intereses da provincia, polo que se considera que a Deputación debe contribuír no seu financiamento, pois nesta instalación se levarán a cabo actuacións de interese público tanto municipal, como provincial, como son a práctica deportiva e a posible realización de exposicións culturais, de todo tipo, e non se pode solicitar o seu financiamento ao abeiro do POS+2021.

Visto o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación (BOP 150, do 10.08.2021), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o proxecto de obras: Proxecto de execución para a ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, Concello de Brión, redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo, COAG 3060, de data outubro de 2021, que ascende á cantidade de: 485.404,29 euros, IVE incluído.

2º) Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a execución deste proxecto polo importe de: 150.000 euros, IVE incluído, que representa un coeficiente de financiamento do:30,90%, sendo o resto por importe de: 335.404,29 euros, IVE incluído, por conta do Concello, que representa un coeficiente de financiamento do:69,10%.

3º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento.

4º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós ímonos abster, non porque esteamos en contra desta ampliación, senón polas formas; pensamos que é unha ampliación parcial, tiña que ser un proxecto noutro sentido, e por outra banda nas nominativas hai que falar coa oposición, non vir con presas e con certa urxencia, que ven determinada polas datas nas que estamos, aínda que os cartos non se van poder ter este ano. Pregunta, os cartos do Concello van ir ao POS?

Responde o Sr. Alcalde que non, que temos que adaptarnos á parcela que temos, o normal é ampliar o que hai, a parcela non da para máis, e é mellor algo que nada, ten que estar alí e a normativa urbanística non da para máis.

O Sr. Concelleiro sinala que habería que buscar alternativas, o mércores coñecemos a proposta e por iso non podemos facer consideracións técnicas, e sinalar que as subvencións da Deputación poden chegar ao 80% porque temos a capacidade de financiar máis pola Deputación, que debe falarse coa oposición, polo menos intentar buscar un consenso, aínda que se fará o que diga o equipo de goberno.

O Sr. Alcalde sinala que tomamos nota da súas consideracións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PROXECTO MODIFICADO DE PROXECTO DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 26.11.2021, que transcrita di:

ANTECEDENTES.

PRIMEIRO. O contrato de obras de: Proxecto de camiño de Amañecida ata Graña e outros, foi adjudicado á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. mediante acordo da Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, con data do 22.06.2021, polo prezo de: 752.119,96 euros, IVE incluído, que supón unha baixa respecto do tipo de licitación de: 198.606,82 euros, IVE incluído, por considerar que resulta a oferta máis conveniente para o Concello por ser a que incorpora o prezo máis baixo e xustifica a baixa temeraria segundo o informe da arquitecta municipal, en aplicación dos criterios de adjudicación dos pregos, ao ser o único criterio o prezo. A baixa ofertada polo contratista representa o 20,89%

SEGUNDO. O contrato foi formalizado con data 24.06.2021, cun prazo de execución de tres meses, contado desde o día seguinte ao da subscripción da acta de comprobación do replanteo, que consta realizada con data 07.07.2021, téndose solicitado unha prórroga dun mes polo contratista que foi autorizada por resolución da alcaldía do 05.10.2021 ata o día 07.11.2021.

TERCEIRO. Consta aprobada a 1ª certificación de obras por importe de: 507.252,82 euros, faltando por executar do orzamento de adjudicación a cantidade de: 244.867,14 euros.

CUARTO. Con data 15.11.2021 o autor do proxecto e director de obra presenta a proposta de modificación do referido contrato en base ás consideracións que figuran no proxecto asinado polo mesmo nesa data denominado: Proxecto modificado de Proxecto de camiño de Amañecida ata Graña e outros, cun orzamento de: 1.412.557,04 euros, que supón un incremento respecto do proxecto primitivo de: 461.830,26 euros, IVE incluído, que supón un incremento orzamentario respecto do proxecto primitivo do 48,58%.

Resultando necesario aprobar o proxecto modificado á maior brevidade para poder tramitar posteriormente o expediente de modificación do contrato e poder rematarse as obras, debendo o Concello financiar integramente o importe derivado do incremento, e vistos os informes preceptivos de secretaría e intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar o Proxecto modificado de Proxecto de camiño de Amañecida ata Graña e outros, cun orzamento de: 1.412.557,04 euros, que supón un incremento respecto do proxecto primitivo de: 461.830,26 euros, IVE incluído, redactado polo autor do proxecto e director das obras, que está adjudicado e pendente de certificar, con variación económica, sendo por conta do Concello o incremento de orzamento que se deriva deste proxecto modificado, coa condición suspensiva de que non se poderá adoptar ningún acordo con transcendencia orzamentaria ata a entrada en vigor do expediente de modificación de créditos que conteña o orzamento necesario para facer fronte a este incremento.

O importe da modificación ten o seguinte alcance:

	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adjudicación	Contrata	Adjudicación	
	950.726,78	752.119,96	1.412.557,04	1.117.473,87	365.353,91

--	--	--	--	--	--

2º) Facultar expresamente a alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala se a empresa adxudicataria presentou unha oferta que estaba en baixa temeraria.

Por secretaría, de orde do Sr. Alcalde, se informa que si, e así consta reflexado na proposta.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AFORRO ENERXÉTICO (PROGRAMA DUS 5000).

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 26.11.2021, que transcrita di:

Visto o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, publicado no BOE núm. 185, do 4 de agosto de 2021.

Realizados os traballos técnicos previos para a solicitude dunha subvención dado o importante aforro de custos que suporá para este Concello a execución da actuación proxectada segundo documento denominado: Renovación da iluminación pública, redactado polo enxeñeiro industrial Javier Montero Barrios, con data do 02.05.2021, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a participación deste Concello de Brión e a aceptación do procedemento regulado polo Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, anteriormente referenciado.

2º) Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto subvencionable consistente en:

Actuación 1: Renovación de máis do 90% das luminarias do municipio por outras de tecnoloxía Led.

Actuación 2: Renovación dos centros de mando.

Actuación 3: Instalación de telegestión.

Actuación 4: Renovación de soportes e liñas; solicitando unha subvención do 100% do custo elixible de: 2.067.133,99 euros, IVE incluído, aprobando o compromiso de consignar no orzamento o crédito suficiente para financiar a execución da actuación exposta, así como o compromiso para financiar a totalidade do proxecto con carácter previo á cobranza da axuda, condicionado este compromiso á obtención da resolución de concesión de axuda, así como do anticipo que sobre a mesma poida concederse.

3º) Aprobar a memoria descritiva das actuacións a acometer confeccionada polo enxeñeiro industrial Javier Montero Barrios, con data do 02.05.2021, denominada: Renovación da iluminación Brión, cun orzamento de contrata, IVE incluído, de: 2.067.133,99 euros, sendo o custo total elixible de: 2.067.133,99 euros, IVE incluído, solicitándose unha subvención de: 2.067.133,99 euros, IVE incluído.



4º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondinte expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que imaxino que mentres non se resolva esta solicitude se seguirá co mantemento do alumeadado público.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte e seis minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González